

5.

desenvolvememento rexional

infraestructuras

investigación e tecnoloxía

medioambiente

políticas de desenvolvemento rexional

5.1. infraestructuras

O OBXECTIVO DESTE CAPÍTULO É ANALIZA-la situación das diferentes infraestructuras de transporte, así como dos parques tecnolóxicos e empresariais. Neste capítulo non se recollen os investimentos previstos en materia de infraestructuras no Plan de dinamización económica 2003-2006 da Xunta de Galicia e no Plan Galicia da Administración Xeral do Estado , xa que no capítulo **5.4.- Políticas de desenvolvemento territorial** existe un apartado específico para a súa análise.

O estudio da situación das infraestructuras parte da información facilitada polo Ministerio de Fomento, Renfe, FEVE, a Asociación de Parques Tecnolóxicos de España (APTE), Aeroportos Españoles y Navegación Aérea (AENA), Portos de Galicia, os presupostos Xerais da Xunta, e o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).

O capítulo estrutúrase en tres grandes apartados nos que se fai referencia ás infraestructuras de transporte terrestres, infraestructuras portuarias e aeroportua-

rias, e, finalmente, ó tema dos parques tecnolóxicos e empresariais.

Cómpre salientar que Galicia conta con 29.964 entidades singulares de poboación (o 48,9% do total das existentes en España), o que supón un maior esforzo adicional en infraestruturas.

O investimento público real territorializado en Galicia ó longo do ano 2003 experimentou unha medra do 14,9%, acadando os 1.683,5 millóns de euros (5,5% do total estatal). Atendendo á distribución do devandito investimento segundo a participación dos distintos axentes das administracións públicas nos gastos correspondentes a investimento civil en 2003, a Comunidade Autónoma acolleu o 50,4% do investimento (51,2% en 2002), os Concellos acolleron o 22,4% (un punto porcentual menos que no ano anterior), o Estado, un 20,8% (18,8% en 2002), e as Deputacións, o 6,3% (6,6% no ano 2002).

No concernente á porcentaxe do investimento dos axentes das administracións públicas en Galicia en relación ó total de investimento no conxunto do Estado, cómpre salienta-lo incremento da porcentaxe de investimento do Estado en Galicia pasando do 3,9% no ano 2002 ó 4,6% no ano 2003, permanecendo constante a importancia relativa do investimento das entidades locais e da comunidade autónoma.

Tal e como reflicte o **cadro C.5.6.** (*Investimento público real territorializado nas CC.AA. segundo axentes das administracións públicas 2002-03: presupostos iniciais*), o investimento real por habitante en Galicia ascendeu a 616,02 euros en 2003, acadando a media rexionalizada os 697,98 euros e a media total os 745,98 euros. Comparado co ano anterior, este investimento medra un 14,9% no caso da comunidade galega, catro puntos porcentuais e medio máis que a media estatal.

O investimento por habitante da administración autonómica en 2003 foi de 310,68 euros (o 50,4% investimento por habitante en Galicia), fronte ós 128,43 euros do Estado (20,8%) e ós 176,91 euros por habitante no caso das entidades locais (28,7%). Se se ten en conta a media rexionalizada, o investimento medio por habitante nas CC.AA. representou o 35,1% do investimento total, sendo esta porcentaxe do 45,1% no caso das entidades locais e do 19,8% no caso do Estado

Infraestruturas de transporte terrestre

Respecto ás infraestruturas terrestres por estradas, os datos do *Anuario Estadístico 2002* do Ministerio de Fomento reflicten que a rede de estradas de Galicia está composta por 79.043 quilómetros, dos que 61.755 quilómetros corresponden á rede viaria municipal, 15.008 km. están a cargo da Entes Territoriais e 2.270 km., a cargo do Estado.

Do total de quilómetros a cargo do Estado, o **cadro 5.1.1.** reflicte que o 30,5% (692 quilómetros) corresponden a autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada, en tanto que dos quilómetros a cargo dos Entes Territoriais, o 65,8% dos mesmos, 9.880 quilómetros, están a cargo das Deputacións provinciais, e 5.128 km están a cargo da Comunidade Autónoma.

En relación ó **investimento medio** na rede de estradas do Estado, comunidades autónomas, deputacións e millóns no período 1998-02, o **cadro 5.1.3.** amosa que Galicia é a novena comunidade autónoma na que máis se inviste por habitante, con 141,3 miles de euros por cada 1.000 habitantes, por detrás de Asturias (328,1 miles de euros por cada 1.000 habitantes), Cantabria (291,8), Castela e León (232,3), Aragón (213,1), A Ríoxa (191,3) Castela A Mancha (174,3), Navarra (165,9) e Extremadura (143,9). En termos de inves-

Lonxitude da rede de estradas nas CC.AA. 2001-02

	2001			2002				
	Rede de estradas	A cargo do Estado	Autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada da Rede do Estado	Rede a cargo das CC.AA.	Rede de estradas	A cargo do Estado	Autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada da Rede do Estado	Rede a cargo das CC.AA.
	(en quilómetros)							
Andalucía	24.296	3.304	1.381	10.464	24.472	3.363	1.460	10.547
Aragón	10.214	2.236	494	5.391	11.162	2.254	512	5.557
Asturias	4.908	731	203	4.177	4.976	734	210	4.242
Baleares	2.170	-	-	1.410	2.163	-	-	-
Canarias	4.336	-	-	-	4.339	-	-	-
Cantabria	2.594	584	151	2.010	2.588	596	164	1.992
Castela-A Mancha	18.762	3.466	937	7.997	18.316	3.450	932	7.546
Castela e León	33.048	4.899	1.221	11.345	32.586	4.967	1.307	11.353
Cataluña	12.071	1.975	778	5.559	12.026	1.978	785	5.589
C. Valenciana	8.485	1.834	870	2.815	8.486	1.861	900	2.815
Extremadura	8.808	1.369	300	3.731	8.844	1.408	330	3.742
Galicia	17.250	2.232	659	5.128	17.278	2.270	692	5.128
Madrid	3.242	618	506	2.624	3.208	618	506	2.590
Murcia	3.680	624	323	3.056	3.781	566	301	3.215
Navarra	3.703	39	39	3.664	3.696	39	39	3.657
País Vasco	4.312	88	85	-	4.263	88	85	-
A Rioxa	1.862	412	135	1.450	1.877	424	145	1.453
Ceuta e Melilla	58	25	-	33	58	25	-	33
Total	163.799	24.458	8.082	70.854	164.139	24.641	8.368	69.459

Fonte: Ministerio de Fomento, Anuario estadístico

5.1.2.

Índices da rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 2001-02 (1)

	2001				2002			
	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1000 habitantes (2)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes (2)	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1000 habitantes (3)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes (3)
Andalucía	0,28	3,28	157,54	516,96	0,28	3,27	163,14	533,85
Aragón	0,21	8,51	63,51	540,73	0,23	9,18	59,75	548,79
Asturias	0,46	4,56	106,46	485,92	0,47	4,63	107,81	499,53
Baleares	0,43	2,47	340,26	840,37	0,43	2,36	348,13	821,18
Canarias	0,58	2,43	270,94	659,50	0,58	2,35	279,04	656,67
Cantabria	0,49	4,83	111,06	535,86	0,49	4,77	115,32	550,37
Castela-A Mancha	0,24	10,69	50,90	544,18	0,23	10,28	54,40	559,14
Castela e León	0,35	13,33	39,92	532,10	0,35	13,14	41,70	547,88
Cataluña	0,38	1,90	341,13	647,31	0,37	1,85	350,87	648,51
C. Valenciana	0,36	2,02	310,12	626,13	0,36	1,96	321,75	631,06
Extremadura	0,21	8,21	61,22	502,34	0,21	8,24	63,13	520,27
Galicia	0,58	6,31	86,33	544,90	0,58	6,32	88,62	559,93
Madrid	0,40	0,60	1.117,89	674,59	0,40	0,58	1.172,64	680,61
Murcia	0,33	3,09	192,20	594,19	0,33	3,08	195,35	601,97
Navarra	0,36	6,66	93,26	620,83	0,36	6,49	96,19	624,13
País Vasco	0,60	2,05	251,16	515,35	0,59	2,02	260,04	525,81
A Ríoxa	0,37	6,89	80,35	553,33	0,37	6,67	82,43	549,42
Total	0,32	3,98	148,05	589,78	0,32	3,92	152,69	599,12

(1) na rede de estradas non se inclúen a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-1999

(3) poboación oficial a 1-1-2001

Fonte: Ministerio de Fomento, Anuario estadístico

Investimentos medios na rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 1998-02 (1)

	Administracións públicas		Estado		Total		Entes Territoriais Autónomas		Deputacións e Cabildos		Administracións públicas		Estado		Total		Entes Territoriais Autónomas		Deputacións e Cabildos		
					(en miles de € / 1000hab.) (2)										(en miles de € / quilómetro de rede)						
Andalucía	88,18	48,52	39,66	31,52	8,14	26,89	107,90	13,98	22,35	5,76											
Aragón	213,09	153,06	60,03	46,15	13,88	23,20	82,68	8,19	10,11	5,01											
Asturias	328,06	181,15	146,91	146,91	-	70,81	265,06	37,19	37,19	-											
Baleares	44,33	-	44,33	-	44,33	18,79	-	18,79	-	18,79											
Canarias	92,48	-	92,48	-	92,48	39,30	-	39,30	-	39,30											
Cantabria	291,78	212,10	79,68	79,68	-	61,14	192,98	21,69	21,69	-											
Castela-A Mancha	174,32	96,78	77,54	67,37	10,17	16,96	49,99	9,29	15,91	2,48											
Castela e León	232,33	130,42	101,91	79,93	21,98	17,68	65,13	9,15	17,46	3,35											
Cataluña	77,40	44,06	33,34	28,13	5,21	41,87	144,93	21,59	32,75	7,60											
C. Valenciana	80,29	39,90	40,39	32,26	8,13	40,94	92,77	26,38	49,58	9,24											
Extremadura	143,67	75,29	68,56	48,11	20,47	17,46	57,38	9,90	13,80	5,95											
Galicia	141,31	83,61	57,70	40,30	17,40	22,36	100,82	10,52	21,51	4,82											
Madrid	141,00	10,88	130,02	15,40	114,62	45,45	98,18	32,86	32,86	-											
Murcia	73,44	36,61	36,83	36,83	-	23,83	79,37	14,06	14,06	-											
Navarra	165,94	-	165,94	165,94	-	25,85	-	25,85	25,85	-											
País Vasco	114,62	-	114,62	-	114,62	56,69	-	57,88	57,88	-											
A Rioxa	191,32	121,88	69,34	69,34	-	28,70	81,02	13,44	13,44	-											
Total	113,96	58,59	55,37	37,64	17,73	28,26	99,47	15,67	22,67	10,59											

(1) na rede de estradas non se inclúe a lonxitude de camiños vecinais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-2001

Fonte: Ministerio de Fomento, Anuario estadístico

5.1.4.

Investimentos do Ministerio de Fomento en Galicia 2003: distribución provincial e segundo organismo

	A Coruña	Lugo	Ourense <i>(en miles de €)</i>	Pontevedra	Total
Direccións xerais	106.885	27.938	9.415	66.394	210.632
Secretaría de estado de infraestructuras	-	-	-	-	-
D.G. de carreteras	19.099	26.097	9.200	41.112	95.508
D.G. de ferrocarriles	85.907	1.205	200	24.771	112.083
D.G. de la vivienda, la arquitectura y el urbanismo	1.201	120	-	185	1.506
D.G. de programación económica	-	-	-	-	-
Subsecretaría de Fomento	96	79	-	-	175
Subsecretaría general técnica	-	-	-	-	-
D.G. del Instituto geográfico nacional	15	211	15	29	270
D.G. de transportes por carretera	356	226	-	297	879
D.G. de marina mercante	211	-	-	-	211
D.G. de aviación civil	-	-	-	-	-
Organismos autónomos	-	-	-	-	-
C.E.D.E.X.	-	-	-	-	-
Centro nacional de información geográfica	-	-	-	-	-
Entidades públicas empresariales	116.222	12.301	21.917	62.758	213.198
Gestor de infraestructuras ferroviarias	1.800	-	2.400	1.800	6.000
Aeropuertos españoles y navegación aérea	33.903	-	-	6.041	39.944
Puertos del Estado	37.702	-	-	45.258	82.960
Renfe	30.614	11.037	14.302	2.825	58.778
FEVE	3.600	400	-	-	4.000
S.E.P.E.S.	-	-	-	-	-
Correos y telégrafos	8.603	864	5.215	6.834	21.516
Salvamento y seguridad marítima	-	-	-	-	-
Total	223.107	40.239	31.332	129.152	423.830

Fonte: Ministerio de Fomento

5.1.5.

Proxecto de investimentos das Direccións Xerais de Obras Públicas e de Transportes 2002-03

413 A Ordenación e inspección do transporte terrestre		2002	2003	03/02
		(en miles de €)		(%)
600	Mellora da accesibilidade	4.729,8	6.028,2	27,5
610	Infraestruturas de mellora de da accesibilidade	522,4	400,0	-23,4
623	Maquinaria, instalacións e utensilios - adquisicións	-	601,0	0,0
625	Mobiliario e utensilios	-	-	0,0
626	Equipos para procesos informáticos	30,0	60,0	100,0
632	Edificios e outras construcións	60,1	120,2	0,0
633	Maquinaria, instalacións e utensilios - reposición	18,0	18,0	0,0
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	745,9	814,0	9,1
413 B Construcción, conservación e explotación de estradas		2002	2003	03/02
600	Mellora da accesibilidade	110.251,0	121.074,5	9,8
610	Infraestructura de mellora da accesibilidade	28.980,0	35.703,9	23,2
623	Maquinaria, instalacións e utensilios - adquisicións	300,0	257,9	-14,0
624	Material de transporte	200,0	200,0	0,0
625	Mobiliario e útiles	120,0	120,0	0,0
626	Equipos para procesos de información	150,0	150,0	0,0
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	1.850,3	3.030,6	63,8

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

timento por quilómetro de rede, o investimento en Galicia ascendeu, no mesmo período, a 22,4 miles de euros, sendo a quinta comunidade na que menos se inviste, por diante de Baleares (18,8 miles de euros por quilómetro de rede), Castela e León (17,7), Estremadura (17,5) e Castela A Mancha (17,0).

Como reflicte o **cadro 5.1.4.**, o investimento realizado polo Ministerio de Fomento en Galicia ascendeu a 423,8 millóns de euros no ano 2003. O 25,8% do investimento total do Ministerio de Fomento está realizado pola Dirección General de Ferrocarriles, cun investimento no ano 2003 de 112,1 millóns de euros, seguida da Dirección General de Carreteras, con 95,5 millóns de euros de investimento, o que conxuntamente supón o 49,0% do investimento total.

No que respecta ós investimentos en Galicia das entidades públicas empresariais, destaca polo volume do seu investimento Puertos del Estado, con 83,0 millóns de euros en 2003 o que supón o 38,9% do total de investimentos en Galicia das entidades públicas empresariais e o 19,6% do total de investimentos do Ministerio de Fomento en Galicia en 2003.

Desagregando a nivel provincial, o 52,6% do total do investimento realizado polo Ministerio de Fomento en Galicia concéntrase na provincia de A Coruña, con 223,1 millóns de euros, sendo o investimento máis importante o da Dirección General de Ferrocarriles, con 85,9 millóns de euros. A segunda provincia en importancia polo volume de investimentos é Pontevedra, con 129,2 millóns de euros, dos que o 35,0% (45,3 millóns de euros) foi realizado por Puertos del Estado e un 31,8% (41,1 millóns de euros), pola Dirección General de Carreteras.

Nos Presupostos Xerais da Xunta de Galicia para o ano 2002 recóllense os principais programas das Direccións Xerais de Obras Públicas e de Transportes, **cadro 5.1.5.** O investimento do programa de construción, conservación e explotación de estradas ascendeu a 160,5 millóns de euros, un 13,2% máis que o presupostado no ano anterior.

O **cadro C.5.2.** (*Investimentos presupostados en estradas, portos e obras hidráulicas 2002-03*) recolle a evolución de investimento realizado en materia de estradas, portos e obras hidráulicas pola Dirección Xeral de Obras Públicas, Portos

5.1.6.

Investimentos de Portos de Galicia 2002-03

	2002				Total
	A Coruña	Lugo	Pontevedra	Varios portos	
	(en €)				
Sinais marítimas e balizamento	38.189,23	5.400,00	73.142,78	-	116.732,01
Accesos marítimos	16.780,50	128.611,45	-	-	145.391,95
Obras de abrigo e dársenas	1.257.126,96	2.042.754,61	1.084.205,30	-	4.384.086,87
Obras de atraque	4.444.328,29	582.374,12	2.279.426,56	-	7.306.128,97
Edificacións	1.074.865,92	348.314,51	1.620.844,93	-	3.044.025,36
Instalacións xerais	310.267,88	63.936,27	115.188,11	-	489.392,26
Pavimentos, calzadas e vías circulación	1.275.064,92	554.896,44	2.255.433,24	-	4.085.394,60
Estudios e proxectos	255.742,16	164.248,96	286.507,60	-	706.498,72
Equipos manipulación mercadorias	10.259,88	20.073,80	-	-	30.333,68
Instalacións e utillaxe	5.445,00	-	-	-	5.445,00
Outras instalacións	2.730,00	-	27.663,41	-	30.393,41
Total	8.690.800,74	3.910.610,16	7.742.411,93	-	20.343.822,83
	2003				
	(en €)				
Sinais marítimas e balizamento	26.619,88	6.003,68	59.008,21	16.491,17	108.122,94
Accesos marítimos	-	288.882,10	22.854,53	-	311.736,63
Obras de abrigo e dársenas	1.819.241,31	429.181,68	1.287.724,98	-	3.536.147,97
Obras de atraque	3.341.651,87	243.508,71	4.170.050,48	-	7.755.211,06
Edificacións	1.990.839,96	511.792,06	620.683,64	-	3.123.315,66
Instalacións xerais	543.882,74	122.221,02	372.835,04	882,00	1.039.820,80
Pavimentos, calzadas e vías circulación	2.463.882,35	1.450.232,77	2.448.803,52	-	6.362.918,64
Estudios e proxectos	433.809,38	113.437,68	182.347,59	86.607,92	816.202,57
Equipos manipulación mercadorias	45.198,28	-	-	-	45.198,28
Material flotante	-	-	-	1.299.184,41	1.299.184,41
Instalacións e utillaxe	-	-	-	-	-
Outras instalacións	13.130,03	-	1.862,50	5.148,00	20.140,53
Total	10.678.255,80	3.165.259,70	9.166.170,49	1.408.313,50	24.417.999,49

Fonte: Portos de Galicia

de Galicia, Augas de Galicia e Obras e Servicios Hidráulicos. Este investimento rexistrou no ano 2003 unha medra do 12,0%, para acadar 258,4 millóns de euros, dos que 156,0 millóns de euros corresponden á Dirección Xeral de Obras Públicas (un 12,0% máis que no ano 2002). O investimento en obras hidráulicas (Augas de Galicia e Obras e Servicios Hidráulicos) acadou os 81,1 millóns de euros (un 15,4% superior ó rexistrado en 2002) e Portos de Galicia rexistra unha medra do 1,0%, cun investimento de 21,3 millóns de euros.

Infraestructuras portuarias e aeroportuarias

O investimento en **infraestructuras portuarias** en Galicia ascendeu a 107,4 millóns de euros no ano 2003, dos que 83,0 millóns de euros corresponde ó investimento realizado polo ministerio de Fomento nos portos de interese xeral, e

24,4 millóns de euros ó investimento no resto dos portos de Galicia.

• Portos de interese xeral do Estado.-

Como reflicte o **cadro 5.1.4.**, o investimento do Ministerio de Fomento no ano 2003 en materia de infraestructuras e explotación portuaria, foi de 83 millóns de euros. Nos portos da provincia de A Coruña este investimento ascendeu a 37,7 millóns de euros e nos portos da provincia de Pontevedra o investimento acadou os 45,3 millóns de euros.

• Portos da Comunidade Autónoma.-

O investimento en infraestructuras portuarias ó longo do ano 2003 ascendeu a 24,4 millóns de euros, un 20,0% máis que o investido ó longo do ano anterior. Atendendo á distribución provincial, o **cadro C.5.4.** (*Investimentos de Portos de Galicia nos portos galegos 2002-03*) reflicte que o investimento nos portos da provincia de A Coruña acolleron o 43,7% do

5.1.7.

Parques empresariais promovidos polo IGVS : actuacións adicionais ó Plan Galicia

Concello	Superficie (en m ²)	Investimento previsto (en €)
A Coruña	2.130.000	53.300.000
Arteixo	1.500.000	37.500.000
Coristanco	50.000	1.100.000
Oretigueira	280.000	7.200.000
Ribeira-Couso	300.000	7.500.000
Lugo	300.000	2.531.000
Cervo	200.000	1.416.000
Xove (2ª fase)	100.000	1.115.000
Ourense	3.080.000	33.121.168
Nogueira de Ramuín	30.000	697.000
Centro automoción- Verín	3.000.000	31.263.000
Rubia	50.000	1.161.168
Pontevedra	1.880.102	64.578.703
Arbo	52.379	791.935
Bueu (2ª fase)	59.979	1.751.518
Lalín (ampliación)	183.000	4.315.414
Pontecaldeas	250.000	9.015.182
Salceda de Caselas	50.858	1.423.891
Plataforma Loxística Salvaterra-As Neves	545.502	15.626.315
Sanxenxo	250.000	9.015.182
Silleda (ampliación)	49.954	901.518
Tui (2ª fase)	35.648	864.625
Vigo (A Garrida)	193.430	17.155.933
Vilagarcía de Arousa (Pousadoiro)	209.352	3.717.190

(1) Actualización a 23 de abril de 2004

Fonte: Instituto Galego da Vivenda e Solo

investimento total, con 10,7 millóns de euros, un 22,9% máis que no ano anterior. O investimento nos portos da provincia de Pontevedra ascendeu un 18,4% respecto ó ano anterior, ascendendo ata os 9.166,2 millóns de euros (o 37,5% do investimento de Portos de Galicia), namentres que os de Lugo ven como o investimento se reduce un 19,1%, acadando os 3.165,3 millóns de euros (o 13,0% do investimento galego).

Atendendo ós diferentes tipos de obras, o **cadro 5.1.6.** reflicte que no ano 2003 os investimentos máis importantes son os de obras de atraque, que abrangue o 31,8% do investimento (7,8 millóns de euros), os de pavimentos, calzadas e vías de circulación e os de obras de abrigo e dársenas, co 26,1% (6,4 millóns de euros) e 14,5% (3,5 millóns de euros), respectivamente.

No caso das **infraestructuras aeroportuarias**, no ano 2003 o investimento realizado polo Ministerio de Fomento en

Galicia ascendeu a 39,9 millóns de euros no ano 2003 (**cadro 5.1.4.**) Desagregando o investimento por provincias, os aeroportos da provincia de A Coruña recibiron 33,9 millóns de euros e o da provincia de Pontevedra 6,0 millóns de euros ó longo do ano 2003.

Parques tecnolóxicos e empresariais

Os parques tecnolóxicos están orientados cara a empresas e institucións con alto nivel tecnolóxico e innovador como son, entre outros, as industrias de transformación da madeira, ou sectores como o agroalimentario, o téxtil ou o de rochas ornamentais.

Na comunidade autónoma hai un so parque tecnolóxico en funcionamento, o Parque Tecnolóxico de Galicia, emprazado no concello ourensán de San Cibrao das Viñas, cunha superficie total de 514.438 metros cadrados e unha superficie edificable de 257.219 m² (a superficie

5.1.8.

**Parques empresariais promovidos polo IGVS:
outras actuacións (1)**

	<u>Superficie prevista</u> <i>(en m²)</i>	<u>Estado</u>
A Coruña		
Padrón	230.000	En urbanización
Santa Comba	113.000	En urbanización
Negreira	110.000	Pendente de urbanizar
Lugo		
Palas de Rei	80.000	Pendente de urbanizar
Monterroso	125.000	Pendente de urbanizar
Ourense		
Vilamarín	156.000	En urbanización
Pontevedra		
Mos	800.000	En proxecto
Meis-Barro	-	En proxecto

(1) Actualización a 23 de abril de 2004
Fonte: Instituto Galego da Vivenda e Solo

edificable dispoñible é de 118.824 metros cadrados). Atopábase en construción o Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, cunha superficie total de 874.195 metros cadrados e unha superficie edificable de 412.306 metros cadrados.

Ó carón destes parques tecnolóxicos hai en Galicia un total de 43 parques empresariais operativos promovidos polo IGVS e o Xestur, que ofertan un total de 2.036 parcelas e unha superficie total de 6.606,3 miles de metros cadrados (a superficie comercial ascende a 4.106,1 miles de metros cadrados). O **cadro C.5.5.** (*Parques empresariais operativos promovidos polo IGVS*) recolle os datos máis salientables en relación con estes parques empresariais e a súa agrupación por provincias, observando que os parques empresariais que presentan unha maior superficie comercial e industrial son os de Sarreaus en Ourense, O Campiño (Pontevedra) na provincia de Pontevedra, Alvedro, Somozas e As Pontes en A Coruña, e finalmente Vilalba e Lugo INF en Lugo.

De xeito adicional ó Plan Galicia, o **cadro 5.1.7.** reflicte os 20 parques empresarias a desenvolver polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, cunha superficie total de 7.390,1 miles de metros cadrados e un investimento total previsto de 153.530,9

miles de euros. A provincia de Pontevedra acolle a 11 destes parques a desenvolver, sendo a súa superficie de 1.880,1 miles de metros cadrados (o 25,4% da superficie total) e o seu investimento de 64.578,7 miles de euros (o 42,1%).

Asemade, o **cadro 5.1.8.** recolle os tres parques empresariais en fase de urbanización (en conxunto suman unha superficie de 499.000 metros cadrados), os tres parques que están pendentes de urbanizar (315.000 metros cadrados) e os dous parques empresariais pontevedreses que están en proxecto. ■